

XORNADAS ESTATAIS DE
PSICOLOXÍA CONTRA A
VIOLENCIA DE XÉNERO

IX



Abrindo o foco

A violencia de xénero,
un problema con rostros

24 – 25 / 11 / 2017 ▶ AUDITORIO ABANCA / Santiago de Compostela

xornadasviolenciaxenero@copgalicia.gal

www.xornadasviolenciaxenero.copgalicia.gal

ÍNDICE ▶

P5/ PROGRAMA SALVIA DE INSERCIÓN LABORAL DIRIXIDO A MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO

José María Freire Duro, Psicólogo. Área Psicosocial e de Saúde Mental da ONGD Ecos do Sur (A Coruña)
Alba Breijo Rey, Educadora Social. Concello de A Coruña
Nerea González López, Psicóloga. Concello de A Coruña

P6/ ESTUDO DE REVISIÓN SOBRE AS CONSECUCIAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA A MULLER MALTRATADA

Laura Belloc Tajada, Psicóloga Xurídica e Forense. Beatriz Díaz Vázquez, Psicóloga Xurídica e Forense.
Román Fernández Fernández, Psicólogo

P7/ ESTUDO DE REVISIÓN DO PROCEDEMENTO DA ANÁLISE DE FEMINICIDIOS

Laura Belloc Tajada, Psicóloga Xurídica e Forense.
Beatriz Díaz Vázquez, Psicóloga Xurídica e Forense.
Román Fernández Fernández, Psicólogo

P8/ A ASERTIVIDADE COMO FERRAMENTA PARA FAVORECER AS RELACIÓNS PERSOAIS RESPECTUOSAS

M^a Victoria Canosa Raña, Psicóloga. Ourense

P9/ PROGRAMA DE FORTALECEMENTO EMOCIONAL

Concello de Oleiros (A Coruña). Equipo técnico do Programa de Fortalecemento Emocional:
Teresa Guerra Fernández, Blanca Navarro Munáiz, Eva M^a Garabal Nieto, Adriana M. Cobos Beutel Schifflé, Xoana Roig Regueira, Tamara Rubiños Varela, Ana Seijo Cuba e Sabela Pernas Soto

P10/ GUIDELINES PARA UNHA VALORACIÓN DOS PROGRAMAS DE REEDUCACIÓN DE AGRESORES DE XÉNERO

Esther Arias Martínez, Departamento de Ciencia Política e Socioloxía da Universidad de Santiago de Compostela

P11/ PROGRAMA DE INTERVENCIÓN CON NENAS/OS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO (FUNDACIÓN MENIÑOS)

Raquel García Fernández, Psicóloga, Técnico de Intervención familiar. Fundación Meniños

P12/ ABRAMOS O CÍRCULO, PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA PARA HOMES CON PROBLEMAS DE CONTROL E VIOLENCIA NO ÁMBITO FAMILIAR

Rubén Villar Trencó, Psicólogo. Coordinador do programa "Abramos o Círculo" do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

P13/ EQUIPO DE REVISIÓN DE HOMICIDIOS DE XÉNERO IIPP-COP GALICIA: ANÁLISE DUN CASO

Ignacio Álvarez Álvarez, Criminólogo. Rubén Villar Trencó, Psicólogo. Sandra Barbeito Pan, Psicóloga. Ana Suárez Martínez, Psicóloga. Fátima López Rodríguez, Psicóloga. Sofía Remón Chozas, Psicóloga

- P14/ SALVANDO AS POMBAS: REVISIÓN DUN CASO DE FEMINICIDIO. EQUIPO DE REVISIÓN DE HOMICIDIOS DE XÉNERO IIPP-COP GALICIA**
 María del Carmen Morell Muñoz, Psicóloga. Julita Touriño Araújo, Psicóloga. M^a Isabel Rodríguez Prego, Psicóloga. Ana Suárez Martínez, Psicóloga
- P15/ INTERVENCIÓN CON PENADOS POR VIOLENCIA DE XÉNERO EN PENAS E MEDIDAS ALTERNATIVAS: PROGRAMA PRIA-MA**
 Ana Suárez Martínez, Psicóloga do Servizo de Penas e Medidas de A Coruña [CIS Coruña- Secretaría Xeneral de Institucións Penitenciarias]. Raquel C. Méndez Lorenzo, Psicóloga do Servizo de Penas e Medidas Alternativas de Tenerife [CIS Mercedes Pinto- Secretaría Xeneral de Institucións Penitenciarias]. Enrique Ballano Rubio, Psicólogo. Subdirector Xeneral Adxunto de Penas e Medidas Alternativas. [Subdirección Xeneral de Penas e Medidas Alternativas de Institucións Penitenciarias]
- P16/ PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA ESPECIALIZADA PARA MULLERES E MENORES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E OUTRAS PERSOAS DEPENDENTES**
 Fátima López Rodríguez, Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
- P17/ PROXECTO DE REVISIÓN PORMENORIZADA DE HOMICIDIOS EN VIOLENCIA DE XÉNERO EN MENORES [ERHVXMEN]**
 Elena Méndez Rodríguez, Psicóloga. Concello de A Coruña. Aitor López Sánchez, Psicólogo. Concello de A Coruña.
- P18/ ABUSO SEXUAL EN MULLERES CON DIAGNÓSTICO DE DISCAPACIDADE INTELECTUAL. UNHA REVISIÓN TEÓRICA**
 Joaquín Prieto Flores, Psicólogo. Servizo de psicoloxía Centro Pai Menni [centro de atención a persoas adultas con discapacidade intelectual]. Ana Costas González, Psicóloga. Servizo de psicoloxía Centro Pai Menni [centro de atención a persoas adultas con discapacidade intelectual]
- P19/ O PROCESO DE VITIMIZACIÓN SECUNDARIA TRAS UN EPISODIO DE VIOLENCIA SEXUAL CARA A UNHA MULLER CON DIAGNÓSTICO DE DISCAPACIDADE INTELECTUAL**
 Joaquín Prieto Flores, Psicólogo. Servizo de psicoloxía Centro Pai Menni [centro de atención a persoas adultas con discapacidade intelectual]. Ana Costas González, Psicóloga. Servizo de psicoloxía Centro Pai Menni [centro de atención a persoas adultas con discapacidade intelectual]
- P20/ PROPOSTA DUN PROGRAMA DE PREVENCIÓN PRIMARIA EN ABUSO SEXUAL DIRIXIDO A MULLERES CON DIAGNÓSTICO DE DISCAPACIDADE INTELECTUAL**
 Joaquín Prieto Flores, Psicólogo. Servizo de psicoloxía Centro Pai Menni [centro de atención a persoas adultas con discapacidade intelectual]
- P21/ CLÍTORIS 3D. TODO EMPEZA NO CORPO**
 Martina González Veiga, Fundadora e directora do Centro de Sexoloxía *Con mucho gusto!*
- P22/ O TRATO AO MALTRATO: VIOLENCIA DE XÉNERO E SISTEMAS DE PROTECCIÓN**
 Clara Sanz Astrain, Universidade Pública de Navarra. Cristina Gómez Leoné, Saúde Mental. Servizo Navarro de Saúde - Osasunbidea. M^a Victoria Astrain Azparren, Saúde Mental. Servizo Navarro de Saúde - Osasunbidea
- P23/ FOMENTANDO A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO DESDE A ACEPTACIÓN DAS IDENTIDADES DE XÉNERO E DAS ORIENTACIÓNS SEXUAIS**
 Beatriz Cobo Blanco, Psicóloga e Psicoterapeuta. Coordinadora en Málaga da Comisión de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Colegio Oficial de Psicoloxía de Andalucía Oriental [COPAO]. Fernando Gállego Estévez, Psicólogo e escritor. Comisión de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Colegio Oficial de Psicoloxía de Andalucía Oriental [COPAO]. Carmen María Rull Galdeano, Psicóloga Clínica e Sexóloga. Responsable da Comisión de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Colegio Oficial de Psicoloxía de Andalucía Oriental [COPAO]. Francisco Machuca Ortiz, Psicólogo. Coordinador en Málaga da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colegio Oficial de Psicoloxía de Andalucía Oriental [COPAO]. Rocío Carmona Horta, Psicóloga e Mediadora experta en Igualdade. Comisión de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Colegio Oficial de Psicoloxía de Andalucía Oriental [COPAO].
- P24/ GRUPO GALICIA-UPF. REVISIÓN NACIONAL PORMENORIZADA DE HOMICIDIOS DE PARELLA EN CONTEXTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO**
 Elena Méndez Rodríguez, Psicóloga. Concello de A Coruña. Aitor López Sánchez, Psicólogo. Concello de A Coruña.

PROGRAMA SALVIA DE INSERCIÓN LABORAL DIRIXIDO A MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO	
AUTORÍA ▶	José María Freire Duro , Psicólogo. Área Psicosocial e de Saúde Mental da ONGD Ecos do Sur (A Coruña). Alba Breijo Rey , Educadora Social. Concello de A Coruña. Nerea González López , Psicóloga. Concello de A Coruña
PALABRAS CHAVE ▶	Competencias sociais / Empoderamento / Reconstrución identitaria / Autonomía e emprego

RESUMO ▼

As mulleres vítimas de violencia de xénero presentan especiais dificultades de acceso ao emprego xa que concorren nos seus casos situacións de desestruturación social e persoal profundas e, en moitas ocasións cronificadas, que inflúen nas súas posibilidades de inserción laboral. As mulleres superviventes ás situacións de violencia de xénero precisan dun proceso de acompañamento social específico e individualizado ao longo dun percorrido [itinerario personalizado de inserción laboral] no cal a prioridade foron as variables de tipo persoal [competencias transversais básicas para o emprego, capacidades e habilidades persoais], sendo o obxectivo final o acceso ao emprego. Os itinerarios de inserción situáronse no marco dun proxecto de intervención integral que tivo en conta todos os factores que inciden na empregabilidade das mulleres vítimas de violencia, especialmente aqueles de carácter psicolóxico e persoal, considerados como a base esencial para xerar expectativas de mellora no ámbito laboral. Ao longo deste percorrido, as participantes dispuxeron dunha serie de actuacións secuenciadas e deseñadas para que, acompañadas e asesoradas por persoal técnico e en función das súas metas e da súa realidade de partida, desenvolvesen os recursos persoais necesarios para a mellora da súa empregabilidade e para a xestión a medio prazo do seu propio proceso de inserción laboral con autonomía. Identificouse a situación de partida de cada participante e estableceuse un itinerario, deseñado segundo o modelo GROW, adaptado á especificidade individual e axustado á súa situación e ás súas necesidades. Pola súa banda, as accións grupais estiveron deseñadas asumindo a priori unha heteroxeneidade nas mulleres participantes no Programa de Inserción Laboral SALVIA. Foi por esta razón pola que se incluíron unha serie de accións específicas de formación para dar resposta ás situacións das mulleres, por motivos migratorios ou por consecuencias do proceso persoal no cal se atopaban.

**ESTUDO DE REVISIÓN SOBRE AS CONSECUCIAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO
PARA A MULLER MALTRATADA****AUTORÍA ▶**

Laura Belloc Tajada, Psicóloga Xurídica e Forense. **Beatriz Díaz Vázquez**,
Psicóloga Xurídica e Forense. **Román Fernández Fernández**, Psicólogo

**PALABRAS
CHAVE ▶**

Violencia de xénero / Muller / Consecuencias / Maltratador

RESUMO ▼

Nos últimos anos, os casos de violencia de xénero incrementáronse ata constituír un dos principais problemas da nosa sociedade. Desde a investigación en múltiples ciencias, entre elas a psicoloxía, intentouse facer unha descrición do fenómeno tanto en relación aos actores implicados como aos factores e as variables que poden afectar estas situacións, ben sexan persoais, familiares e/ou sociais. Neste traballo, procedeuse a facer unha revisión dos estudos levados a cabo sobre as consecuencias da violencia de xénero sobre a muller. Para iso, empregáronse as palabras chave «violencia de xénero», «muller» e «consecuencias» nas bases de datos Scopus, WoS, Medline, Dialnet, SciELO e PsycINFO que cumprisen cun criterio de temporalidade non superior aos dez anos. Os resultados desta revisión permiten agrupar as consecuencias sobre a muller vítima de violencia de xénero en catro grandes grupos: físicas, psicolóxicas, sexuais e económicas. Todas elas relaciónanse co tipo de violencia que os maltratadores exerceron sobre elas. A maioría dos estudos ao respecto indican que as consecuencias son múltiples, variables e individuais e que, ademais, se debe ter en conta a intensidade das mesmas á hora de intervir e tratar esta problemática. Así mesmo, achégase unha serie de recomendacións para poder previr e/ou detectar de forma temperá este tipo de violencia, entre as cales se poden mencionar a concienciación a nivel tanto social como profesional como base para a abordaxe desta casuística.

ESTUDO DE REVISIÓN DO PROCEDEMENTO DA ANÁLISE DE FEMINICIDIOS**AUTORÍA ▶****Laura Belloc Tajada**, Psicóloga Xurídica e Forense. **Beatriz Díaz Vázquez**,
Psicóloga Xurídica e Forense. **Román Fernández Fernández**, Psicólogo**PALABRAS
CHAVE ▶**

Violencia de xénero / Feminicidio / Procedemento / Revisión / Análise

RESUMO ▼

A violencia de xénero, malia ser un problema de longa historia, é de recente interese e comprende un gran número de mortes ao ano en España [44 durante o ano pasado]. En consecuencia, desde o Ministerio do Interior, concretamente desde o Gabinete de Coordinación e Estudos da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior de España, e en colaboración coa Fiscalía Xeral de Estado, co Consello Xeral do Poder Xudicial, co Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e coa Secretaría Xeral de Institucións Penais, púxose en marcha un proxecto de revisión dos feminicidios ocorridos en España desde 2010. No marco deste proxecto creáronse diferentes grupos multidisciplinares [psicología xurídica, medicina forense e criminoloxía] para estudar as variables que interveñen nesa casuística co obxectivo de avanzar na súa comprensión e, en último termo, poder deseñar programas de prevención que consigan diminuír a súa prevalencia. O presente traballo ten como obxectivo a presentación do procedemento necesario para levar a cabo a análise pormenorizada dos casos de feminicidio. Deste xeito, a análise comprendería diferentes pasos que irían desde a selección do caso ata a redacción do informe final, pasando previamente pola solicitude e o estudo das dilixencias tanto xudiciais como policiais e a recollida e a análise da información. Todos os datos obtidos incorpóranse posteriormente nun protocolo do sistema VioGén, unha base de datos a nivel estatal que integra a información sobre este tipo de casos. Para levar a cabo este traballo de campo é imprescindible unha formación teórica e práctica que permita realizar unha análise obxectiva e fiable dos perfís dos axentes implicados neste tipo de casos. Neste senso, a profesionalidade das persoas encargadas da revisión será a que determine o éxito do estudo.

A ASERTIVIDADE COMO FERRAMENTA PARA FAVORECER AS RELACIÓNS PERSOAIS RESPECTUOSAS	
AUTORÍA ▶	M ^a Victoria Canosa Raña, Psicóloga. Ourense
PALABRAS CHAVE ▶	Asertividade / Relacións respectuosas / Respecto

RESUMO ▼

Introdución: A partir da experiencia terapéutica con mulleres que sufriron violencia machista, parece axeitado fomentar un estilo de comunicación asertivo na xente nova, como factor que poida favorecer as relacións interpersoais respectuosas e non violentas. Defínese a asertividade como «a capacidade de autoafirmar os propios dereitos sen deixarse manipular e sen manipular os demais».

Obxectivo: Valorar a importancia da asertividade como ferramenta que potenciar na busca de relacións persoais respectuosas.

Método: Estúdanse os casos de mulleres derivadas do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero que pasaron pola consulta e valórase a percepción que desde esta consulta, a través de testemuñas e entrevistas coas propias mulleres, se ten da presenza ou da ausencia de tres condutas asertivas características deste estilo de comunicación, a saber:

1. Dicar «non», sen sentimentos de culpabilidade.
2. Pedir favores.
3. Expresar explicitamente sentimentos, negativos e positivos.

Resultados: O estudo dos casos das 12 mulleres atendidas entre 2013 e 2016 indica unha ausencia case total das tres condutas descritas como características dun estilo de comunicación asertiva. Esta ausencia é máis acusada nas relacións destas mulleres coa súa parella. Por outra parte, as mesmas mulleres poden desenvolver un estilo máis asertivo noutros contextos [cos/coas fillos/as]. Hai unha percepción xeneralizada de que ao longo da súa relación de parella adquiren uns hábitos nos cales prima a evitación de conflitos e a supeditación das súas opinións e preferencias aos intereses [opinións e preferencias] da parella, valorándoo como «o normal» e non identificándoo con condutas pouco respectuosas coa individualidade de cada persoa.

Conclusións: A experiencia na práctica da psicoloxía sanitaria indica que o momento dun estilo de comunicación asertivo pode ser un factor protector que potencie as relacións respectuosas e en igualdade de dereitos. Neste senso, o traballo coa infancia e a mocidade favorecería distinguir relacións de respecto daquelas que non o son, podendo deste xeito afrontar con maiores recursos unha posible violencia, por moi sutil que sexa.

PROGRAMA DE FORTALECIMENTO EMOCIONAL	
AUTORÍA ▶	Concello de Oleiros (A Coruña). Equipo técnico do Programa de Fortalecemento Emocional: Teresa Guerra Fernández, Blanca Navarro Munáiz, Eva M^a Garabal Nieto, Adriana M. Cobos Beutel Schiffler, Xoana Roig Regueira, Tamara Rubiños Varela, Ana Seijo Cuba e Sabela Pernas Soto
PALABRAS CHAVE ▶	Vulnerabilidade / Condicionantes de xénero / Redes de apoio / Transformación / Resiliencia

RESUMO ▼

O Programa de Fortalecemento Emocional é unha iniciativa do Concello de Oleiros (A Coruña) que ten como finalidade mellorar o benestar e a saúde daquelas mulleres que se atopan nunha posición de vulnerabilidade co fin de reducir os factores de risco da violencia de xénero. As actividades do programa —«Desenvolvemento emocional», «Danza espello», «Emocionarte» e «O corpo»— integran metodoloxías e técnicas propias da arteterapia, do *mindfulness* e da terapia Gestalt, de cara a favorecer o empoderamento socioemocional das mulleres con circunstancias sociais adversas e afectadas polos condicionantes de xénero culturais. Se ben todo o equipo de intervención constatou que a participación no programa propiciou cambios importantes e positivos nas súas vidas, conveu a realización dun estudo de avaliación partindo das perspectivas e dos relatos das participantes. Así, a hipótese pretende determinar se as devanditas mulleres, ao traballar os factores de resiliencia, conseguiron xerar novas oportunidades de empoderamento persoal e social.

A metodoloxía de investigación analiza o discurso extraído das entrevistas semiestruturadas feitas a unha mostra de 15 mulleres participantes nalgunha das tres edicións do programa procurando afondar no coñecemento das representacións das súas vivencias. Este método biográfico-narrativo permitiu: ter un achegamento ás experiencias vitais das mulleres; coñecer a súa valoración do programa, as súas motivacións e a realidade de cada unha nos procesos de cambio e coñecer a percepción sobre os beneficios derivados do programa. En cada muller promoveuse un cambio no cognitivo, e estas experimentaron unha transformación no xeito en que perciben e entenden a propia vida, con consecuencias no aspecto das relacións. Superaron medos, acadaron un reforzo da autoestima e adquiriron unha conciencia crítica e un enorme desexo de promover cambios nas súas vidas.

En conclusión, a hipótese de partida queda verificada: como resultado da participación nalgunha das actividades do programa, minimizáronse algúns dos factores de vulnerabilidade inicialmente identificados. As propias participantes apreciaron cambios importantes na súa saúde física e psicolóxica.

GUIDELINES PARA UNHA VALORACIÓN DOS PROGRAMAS DE REEDUCACIÓN DE AGRESORES DE XÉNERO	
AUTORÍA ▶	Esther Arias Martínez, Departamento de Ciencia Política e Sociología da Universidad de Santiago de Compostela
PALABRAS CHAVE ▶	Guidelines / Reeduación / Agresores de xénero / Valoración

RESUMO ▼

Na actualidade existen máis de 50 estudos publicados e seis metaanálises en que se analiza a evidencia científica sobre a eficacia dos programas de reeducación para agresores de xénero. Estes programas representan un importante recurso para reducir a reincidencia sempre e cando se acompañen de intervencións ben executadas e planificadas. A medida da reincidencia ou a recaída foi o indicador máis empregado para valorar a eficacia dos programas. Con todo, esta única medida de valoración do éxito/ fracaso dos programas de reeducación debe completarse con outros indicadores da intervención reeducativa que contan cun grande aval científico, e debe darse conta, ademais, dunha avaliación estratéxica ou de proceso. Neste traballo revisanse algunhas recomendacións ou *guidelines* de cara á avaliación e ao deseño dos programas de intervención. Así, entre outros, a intervención debe axustarse ás necesidades e ás carencias que presenta cada penado, desde un modelo explícito de intervención; a acción reeducativa debe incluír a perspectiva de xénero e ter amplitude e intensidade abundas. Ademais, como *guideline* debe incluír unha xestión do risco ou considerar o efecto que o engano pode ter na eficacia da intervención. Outro aspecto que se debe ter en conta é que, na actualidade, contamos con diversas publicacións que propoñen procesos de acreditación dos programas de reeducación para agresores de xénero co obxectivo de garantir intervencións de calidade con resultados positivos.

PROGRAMA DE INTERVENCIÓN CON NENAS/OS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO (FUNDACIÓN MENIÑOS)**AUTORÍA ▶**

Raquel García Fernández, Psicóloga. Técnico de Intervención familiar.
Fundación Meniños

PALABRAS CHAVE ▶

Infancia / Seguridade / Vínculo / Marentalidade / Traballo en rede

RESUMO ▼

A Fundación Meniños leva desenvolvendo o Programa de Intervención con Nenas/os Víctimas de Violencia de Xénero desde o ano 2014 en Galicia. Este programa enfoca a intervención desde un marco sistémico cuxo foco principal desde o que se analizan as dificultades e as necesidades da familia son os nenos e as nenas, a súa protección e a súa recuperación. O traballo realízase desde a perspectiva individual, familiar, social e sociomunitaria, ampliando o foco da intervención a todos aqueles contextos en que as nenas/os ou a súa familia son participantes e que poidan aumentar a súa rede de apoio na recuperación integral da funcionalidade da familia [colexios, servizos sociais comunitarios, centros de información á muller, atención primaria, sistema de protección de menores, puntos de encontro familiar, xulgados, etc.], tentando crear un estilo de traballo en rede coordinado e compartido no cal se coñezan as realidades familiares desde un punto de vista multidisciplinar. As intervencións psicoterapéuticas deseñadas para a atención integral á familia iníciase cunha fase dedicada á valoración do dano nos nenos/as e tamén das súas nais [e outras persoas significativas da súa familia]: a nivel evolutivo, emocional, no estado e nas características do vínculo de apego, na existencia ou non de sintomatoloxía traumática, na afectación das relacións sociais e coa contorna e na afectación do rol marental. As estratexias de intervención fundamentais teñen como eixos principais: a reparación do dano no neno/a, a reparación e o fortalecemento do rol marental e a intervención na díade nai-filla/o a través de intervencións dedicadas a aumentar a seguridade emocional entre as nenas/os e as súas nais cambiando estilos de relación retraumatizantes e substituíndoos por interaccións reparadoras do vínculo de apego que poidan favorecer a recuperación e a resiliencia do sistema familiar.

ABRAMOS O CÍRCULO, PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA PARA HOMES CON PROBLEMAS DE CONTROL E VIOLENCIA NO ÁMBITO FAMILIAR

AUTORÍA ▶

Rubén Villar Trencó, Psicólogo. Coordinador do programa "Abramos o Círculo" do Colexio Oficial de Psicología de Galicia

PALABRAS CHAVE ▶

Programa / Prevención secundaria / Violencia de xénero / Homes

RESUMO ▼

O Programa Abramos o Círculo é un programa de atención psicolóxica para homes con problemas de control e violencia no ámbito familiar e ten as súas raíces na resolución do Parlamento Europeo [DOC 304 de 6.10.1997] onde se indica a «necesidade de realizar accións europeas de tolerancia cero respecto da violencia contra as mulleres», facendo fincapé na necesidade de dirixirse aos agresores reais ou potenciais. Baixo esta premisa, nace no ano 2001 Abramos o Círculo, ao abeiro do convenio establecido entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia, o cal ten como obxectivo a intervención psicolóxica especializada dirixida a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella e familia, e que desexan adquirir modelos de comportamento exentos de agresividade. Está dirixido a homes que acoden de xeito voluntario e non sometidos a medidas penais. Tras 15 anos de aplicación, no ano 2016 procedeuse á análise da súa evolución e ao estudo do perfil sociodemográfico e de risco dos usuarios atendidos. Os resultados obtidos foron os seguintes:

1. Desde o ano 2001 atendéronse 658 usuarios (unha media de 44 usuarios por ano).
2. Perfil sociodemográfico: a idade media da mostra sitúase nos 38,45 anos; o 93 % son de nacionalidade española; o 46,7 % teñen estudos primarios, un 33 % bacharelato/FP, un 9 % estudos superiores e un 4,1 % alfabetización. Maioritariamente, os usuarios atópanse en situación laboral activa [62,6 %] fronte ao 31,2 % en situación de inactividade. Un 77,7 % dos usuarios manteñan a relación de parella no momento de iniciaren o programa (un 65,5 % de eles convivían coa parella) e un 70,1 % tiñan fillos/as.
3. Perfil de risco: o tipo de violencia recoñecida maioritariamente polos usuarios é a violencia física [61,1 %]; un 14,1 % recoñece ter problemas de consumo de substancias e un 23,7 % estivo en tratamento psicolóxico/psiquiátrico no pasado. Finalmente, un 5,7 % dos usuarios teñen antecedentes penais non relacionados con delitos de violencia de xénero.
4. Un 70 % dos usuarios finalizaron o programa con éxito e foron dados de alta terapéutica. Os resultados deste primeiro estudo exploratorio reflicten a necesidade de seguir investigando sobre as características psicolóxicas da mostra analizada, así como a eficacia do programa no cambio real de comportamento.

EQUIPO DE REVISIÓN DE HOMICIDIOS DE XÉNERO IIPP-COP GALICIA: ANÁLISE DUN CASO	
AUTORÍA ▶	Ignacio Álvarez Álvarez, Criminólogo. Rubén Villar Trencó, Psicólogo. Sandra Barbeito Pan, Psicóloga. Ana Suárez Martínez, Psicóloga. Fátima López Rodríguez, Psicóloga. Sofía Remón Chozas, Psicóloga
PALABRAS CHAVE ▶	Violencia de xénero / Homicidio / Protocolo / Avaliación do risco

RESUMO ▼

En marzo de 2016 constitúese na Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro da Secretaría Xeral de Institucións Penais e coa colaboración do Colexio Oficial de Psicología de Galicia, un Equipo de Revisión de Homicidios integrado por psicólogas/os e criminólogas/os con ampla traxectoria profesional no ámbito forense, criminolóxico e na intervención con vítimas e agresores de violencia de xénero. O devandito grupo súmase á ampla rede de profesionais que, desde o ano 2015, se organizou en España para conformar o Equipo Nacional de Revisión Pormenorizada de Homicidios de Parella no Ámbito da Violencia de Xénero, coordinado desde a Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior. As revisións efectuadas por estes equipos pretenden comprender que ocorreu para que producise o feminicidio, identificando os factores de risco, coa finalidade de mellorar as respostas das institucións [Garrido, Sánchez, Suárez e Serra, 2017].

Na presente comunicación, exponse unha revisión pormenorizada dun feminicidio ocorrido na provincia da Coruña. Os obxectivos perseguidos foron: 1) analizar o perfil psicosocial da vítima e do agresor; 2) identificar os factores predictivos sociais, psicolóxicos e comportamentais do homicida; 3) identificar os factores de vulnerabilidade da vítima. O protocolo que se seguiu [López Ossorio, 2017] foi: a) estudo do material documental policial, xudicial e penal; b) identificación e contacto coas persoas informantes; c) desprazamento ata os lugares onde ocorreron os feitos; d) entrevista semiestruturada a implicados relacionados coa vítima e co autor; e) entrevistas co homicida no C. P. de Teixeira; e) análise dos datos recompilados e g) emisión do correspondente informe, no cal se recompilan os achados respecto aos indicadores de risco presentes no caso e as circunstancias que facilitaron, ou impediron, a súa identificación axeitada no momento do crime.

SALVANDO AS POMBAS: REVISIÓN DUN CASO DE FEMINICIDIO. EQUIPO DE REVISIÓN DE HOMICIDIOS DE XÉNERO IIPP-COP GALICIA**AUTORÍA ▶**

María del Carmen Morell Muñoz, Psicóloga. Julita Touriño Araújo, Psicóloga. M^a Isabel Rodríguez Prego, Psicóloga. Ana Suárez Martínez, Psicóloga

PALABRAS CHAVE ▶

Violencia de xénero / Homicidio / Suicidio / Vitimario

RESUMO ▼

Na presente comunicación realízase unha revisión pormenorizada dun feminicidio ocorrido na provincia de Pontevedra. A devandita revisión efectúaa o Equipo de Revisión de Homicidios IIPP-COP Galicia, creado en marzo de 2017 e coordinado pola Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior. A revisión do presente caso, realizada seguindo o «Protocolo de actuación para a revisión de homicidios de xénero» [Garrido, Sánchez, Suárez e Serra, 2017], comeza coa análise de toda a documentación relacionada co mesmo [diligencias policiais, inspección técnico-ocular e informe da autopsia tanto da vítima como do autor]. O seguinte paso consistiu, seguindo o procedemento da autopsia psicolóxica, na realización de diferentes entrevistas semiestructuradas con persoas de interese que achegaron información sobre a vítima, o vitimario e a relación que había entre ambos. No caso que nos ocupa, trátase dun homicidio violento dunha muller por parte da súa parella no domicilio familiar na presenza das súas fillas menores, con posterior suicidio do homicida.

Da información recollida extraéronse os seguintes datos: a) durante a relación de 20 anos de duración non existían denuncias previas e non se atopan antecedentes claros que suxerisen a existencia de violencia de xénero, pero si que ambos comunican ás súas persoas achegadas nas datas próximas aos feitos ameazas por parte do vitimario e percepción de risco por parte da vítima, pero non chegan a concretarse nunha denuncia; b) a relación de parella atopábase en vías de separación; c) a vítima tomara a decisión de abandonar o domicilio familiar; de feito, entre outras decisións, nos días previos liberou as pombas que tiña a súa parella no domicilio, ás cales disparaba coa finalidade de «salvalas».

INTERVENCIÓN CON PENADOS POR VIOLENCIA DE XÉNERO EN PENAS E MEDIDAS ALTERNATIVAS: PROGRAMA PRIA-MA	
AUTORÍA ▶	Ana Suárez Martínez , Psicóloga do Servizo de Penas e Medidas de A Coruña [CIS Coruña- Secretaría Xeneral de Institucións Penitenciarias]. Raquel C. Méndez Lorenzo , Psicóloga do Servizo de Penas e Medidas Alternativas de Tenerife. [CIS Mercedes Pinto- Secretaría Xeneral de Institucións Penitenciarias]. Enrique Ballano Rubio , Psicólogo. Subdirector Xeneral Adxunto de Penas e Medidas Alternativas. Subdirección Xeneral de Penas e Medidas Alternativas de Institucións Penitenciarias]
PALABRAS CHAVE ▶	Violencia de xénero / Intervención con penados / Medidas penais alternativas

RESUMO ▼

A intervención con homes que exerceron violencia de xénero e que foron condenados a cumprir unha medida penal alternativa está integrada na resposta comunitaria que a sociedade española, a través da Lei Orgánica 1/2004, impulsou para loitar contra esta tara social. Como parte fundamental desta resposta integral, a Secretaría Xeral de Institucións Penais considera un compromiso prioritario manter nunha mellora continua os programas de intervención que se levan a cabo con estes perfís de penados. Durante o período comprendido entre os anos 2005-2015, os Servizos de Xestión de Penas e Medidas Alternativas [unidades administrativas dependentes da Administración Penal e que teñen encomendado o cumprimento das penas e das medidas alternativas á privación da liberdade] recibiron un total de 214.251 condenas por violencia de xénero, das cales un total de 58.452 tiveron como condición/obriga a realización dun programa de intervención [Secretaría Xeral de Institucións Penais, 2010-2016]. Neste contexto xorde, no ano 2014, o programa PRIA-MA, un programa de intervención para agresores de violencia de xénero en medidas alternativas e que supón unha revisión, actualización e ampliación do programa PRIA, publicado pola Secretaría Xeral de Institucións Penais en 2010. O programa PRIA-MA foi deseñado atendendo aos criterios e aos estándares de calidade europeos nesta materia, adaptándoos á realidade penal española e construíuse sobre a base de modelos etiolóxicos e de intervención específicos da violencia de xénero de tipo multidimensional. A súa duración é de dez meses e estrutúrase en tres fases: 1) avaliación e motivación; 2) intervención e 3) seguimento. Desde finais do ano 2015, o presente programa desenvolveuse en todo o ámbito competencial da Secretaría Xeral de Institucións Penais.

PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA ESPECIALIZADA PARA MULLERES E MENORES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E OUTRAS PERSOAS DEPENDENTES

AUTORÍA ▶	Fátima López Rodríguez, Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
PALABRAS CHAVE ▶	Violencia de xénero / Programa de intervención psicolóxica especializada / Menores e mulleres vítimas de violencia de xénero / Protocolo de intervención en homicidios por violencia de xénero

RESUMO ▼

O Programa de Atención Psicolóxica Especializada para Mulleres e Menores Vítimas de Violencia de Xénero e Outras Persoas Dependentes (PAPMVX) naceu no ano 2004 da man do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e desenvólvese a través dun convenio de colaboración coa Xunta de Galicia. Esta colaboración mantense vixente na actualidade, o cal permitiu que este dispositivo específico e especializado se consolidase na Comunidade Autónoma de Galicia.

Desde o PAPMVX a atención é inmediata, accesible e permanente, sendo o obxectivo principal deste dispositivo a intervención psicolóxica especializada dirixida ás mulleres e aos/ás menores vítimas de violencia de xénero, así como a outras persoas do círculo directo da muller que foron afectadas pola violencia de xénero.

Por outra banda, desde o ano 2014, o PAPMVX, a través dun protocolo conxunto do Grupo de Intervención Psicolóxica Especializada (GIPCE), ofrece unha resposta altamente especializada naquelas situacións de asasinato por violencia de xénero onde se require a nosa intervención nos diferentes escenarios que se contemplan nas situacións de emerxencia.

O PAPMVX artéllase a través dunha rede de profesionais da psicoloxía debidamente acreditados/as e especializados/as na abordaxe do impacto da violencia de xénero. É unha rede que está distribuída a través de toda a comunidade autónoma e que está coordinada por un/unha psicólogo/a coordinador/a. Tras 12 anos de funcionamento do PAPMVX, no ano 2016 iníciase un estudo en tres fases (perfil sociodemográfico das persoas atendidas, impacto positivo da intervención psicolóxica nas persoas atendidas e análise da evolución). Os resultados da fase inicial son os seguintes:

Desde o ano 2004 foron atendidas 2.354 mulleres (unha media de 196 mulleres por ano).

2. Perfil sociodemográfico: a idade media da mostra sitúase nos 29-38 anos; o 82,7 % son de nacionalidade española; o 68,7 teñen fillos/as, o 49,3 % teñen estudos secundarios postobrigatorios e o 28,4 % teñen estudos primarios. Maioritariamente, as persoas usuarias atópanse en situación laboral inactiva (50,2 %) fronte ao 39,6 % en situación de actividade.

3. Perfil de risco vs. protección: o tipo de violencia recoñecida maioritariamente polas mulleres é a violencia física (68,5 %); un 13,3 % recoñece a violencia sexual e un 13,1 % recoñece a violencia psicolóxica. Un 90 % das mulleres presentaran denuncia, das cales un 73,8 % dispuñan dunha medida cautelar. En canto ao apoio percibido polas mulleres da mostra, un 53 % di non percibir ningún tipo de apoio.

PROXECTO DE REVISIÓN PORMENORIZADA DE HOMICIDIOS EN VIOLENCIA DE XÉNERO EN MENORES (ERHVXMEN)	
AUTORÍA ▶	Elena Méndez Rodríguez , Psicóloga. Concello de A Coruña. Aitor López Sánchez , Psicólogo. Concello de A Coruña
PALABRAS CHAVE ▶	Menores / Violencia de xénero / Homicidio / Vitimización

RESUMO ▼

Partindo do proxecto central «Revisión nacional pormenorizada de homicidios de parella en contexto da violencia de xénero», a UPF da Universidade de Santiago de Compostela [USC] desenvolveu un proxecto de revisión («Revisión pormenorizada de homicidios por violencia de xénero-menores [ERHVX-Men]»), cuxo obxectivo xeral se centra en estudar o impacto que pode ter para os fillos ou as fillas experimentar situacións de violencia con homicidio entre os seus proxenitores. Preténdese: a) obter información sobre as circunstancias familiares experimentadas polos fillos e fillas [historia previa de exposición e no momento dos feitos]; b) obter información pormenorizada sobre as actuacións familiares e as decisións tomadas en relación ao coidado e á responsabilidade sobre os/as menores no momento posterior aos feitos; c) avaliar as secuelas e o estado actual dos fillos e das fillas atendendo ao nivel evolutivo, en relación ao estado físico e psicoemocional, ao nivel de adaptación, á súa situación académica e escolar e á súa situación e estrutura familiar.

Os resultados obtidos posibilitarán:

- 1) mellorar os protocolos e os procedementos de actuación existentes con menores que experimentan a morte dos seus proxenitores por violencia de xénero. Deste modo, poderanse identificar boas prácticas así como corrixir posibles disfuncións.
- 2) Diseñar directrices dirixidas ás forzas de seguridade do Estado e crear directrices de intervención para estes casos baseadas na evidencia científica. Diseñarase unha guía para a intervención policial nestes casos.
- 3) Presentar unha proposta de boas prácticas na actuación xudicial seguindo os principios da xustiza terapéutica [TJ].
- 4) Determinar as necesidades presentes nas/nos menores para deseñar estratexias eficaces de prevención e intervención social. Finalmente este proxecto presenta en si mesmo unha acción de responsabilidade que implica o conxunto da cidadanía e que favorece unha rede de apoio á familia das persoas implicadas, baseada na atención ás necesidades dos fillos e das fillas, como vítimas directas da violencia de xénero.

ABUSO SEXUAL EN MULLERES CON DIAGNÓSTICO DE DISCAPACIDADE INTELLECTUAL. UNHA REVISIÓN TEÓRICA	
AUTORÍA ▶	Joaquín Prieto Flores , Psicólogo. Servizo de psicoloxía Centro Pai Menni (centro de atención a persoas adultas con discapacidade intelectual). Ana Costas González , Psicóloga. Servizo de psicoloxía Centro Pai Menni (centro de atención a persoas adultas con discapacidade intelectual)
PALABRAS CHAVE ▶	Abuso sexual / Discapacidade intelectual / Muller

RESUMO ▼

Introdución: A investigación sobre a presenza de violencia en persoas con discapacidade intelectual presenta importantes diferenzas na prevalencia atopada, aínda que existe acordo ao referir que esta é maior que a observada na poboación xeral [Verdugo et al., 2002; Horner-Johnson et al., 2006; McCarthy e Thompson, 1997]. En relación á violencia sexual, estímase que a súa prevalencia en persoas adultas con discapacidade intelectual se sitúa no rango do 25 ao 53 % [Horner-Johnson et al., 2006; Sobsey, 1994] e chegouse á conclusión de que teñen de 4 a 10 veces máis posibilidades de ser asaltadas sexualmente se se comparan con mulleres sen discapacidade [Verdugo, 2001].

Obxectivo: Realizar unha revisión teórica das publicacións tanto nacionais como internacionais sobre a temática do abuso sexual en mulleres con discapacidade intelectual, co fin de coñecer o estado da investigación en España e a nivel internacional.

Metodoloxía: Para a localización das publicacións consultáronse as principais bases de datos nos ámbitos das ciencias sociais e das ciencias da saúde, tanto nacionais [PSICODOC, ISOC, IME, TESEO] como internacionais [Psyclist e Medline]. Seleccionáronse as publicacións que cumprían cos criterios de inclusión de abuso sexual e mulleres con discapacidade intelectual. Outro criterio de inclusión foi que as publicacións se realizasen en inglés ou español.

Resultados: Preséntanse os datos das publicacións incluídas no estudo organizados en función da evolución temporal das publicacións, das persoas autoras e dos grupos de traballo máis relevantes, da metodoloxía empregada nos estudos e das áreas de estudo.

Conclusións: Destaca a escaseza de publicacións no ámbito español, onde só se atopou un único estudo de prevalencia e un único grupo de traballo centrado no ámbito forense. Son máis numerosas as publicacións internacionais no campo do abuso sexual en mulleres con discapacidade intelectual, aínda que significativamente inferiores ás atopadas para este mesmo campo noutras poboacións.

O PROCESO DE VITIMIZACIÓN SECUNDARIA TRAS UN EPISODIO DE VIOLENCIA SEXUAL CARA A UNHA MULLER CON DIAGNÓSTICO DE DISCAPACIDADE INTELECTUAL

AUTORÍA ▶

Joaquín Prieto Flores, Psicólogo. Servizo de psicoloxía Centro Pai Menni (centro de atención a persoas adultas con discapacidade intelectual). Ana Costas González, Psicóloga. Servizo de psicoloxía Centro Pai Menni (centro de atención a persoas adultas con discapacidade intelectual)

PALABRAS CHAVE ▶

Discapacidade intelectual / Violencia sexual / Vitimización secundaria / Muller

RESUMO ▼

Introdución: O maltrato identificouse como un importante tema de saúde en persoas con discapacidade intelectual (PCDI) e outras discapacidades (Sobsey, 1994; Curry et al., 2001; USDHHS 2002), e atopáronse publicacións nas cales se sinala que case o 80 % das mulleres con discapacidade son vítimas de violencia e teñen un risco catro veces superior ao resto das mulleres de sufriren violencia sexual (Valenciano, 2004). A investigación tamén amosou que é menos probable que estas persoas comuniquen a violencia da que foron obxecto (Valenti-Hein e Schwartz, 1993), así como é menos probable que as crean ou as axuden na defensa dos seus dereitos (Petersilia, 2001, Saéz, 2009; Recio, 2013).

Obxectivo: Presentar a experiencia dunha muller con diagnóstico de discapacidade intelectual que sufriu un episodio de violencia sexual, centrándonos na descrición dos procesos de vitimización secundaria.

Metodoloxía: Estudo de caso.

Resultados: Do estudo do caso derívanse unha serie de consecuencias que agrupamos en tres categorías: a atención prestada polos/as profesionais, as abordaxes realizadas desde o sistema xudicial e as implicacións para o proxecto vital da persoa abusada.

Conclusións: Destaca a importancia de elaborar protocolos de intervención no abuso sexual destinados a PCDI, así como a formación destinada ás/aos profesionais implicadas/os na posta en marcha dos devanditos protocolos e o traballo nos prexuízos nos estereotipos asociados a esta poboación. En relación ás PCDI é importante contar con programas de educación afectivo-sexual, programas de prevención do abuso sexual e programas para identificar e intervir sobre factores de risco. Por último, é necesario traballar no desenvolvemento de programas psicoterapéuticos adaptados ás PCDI que sufriron abusos sexuais.

PROPOSTA DUN PROGRAMA DE PREVENCIÓN PRIMARIA EN ABUSO SEXUAL DIRIXIDO A MULLERES CON DIAGNÓSTICO DE DISCAPACIDADE INTELECTUAL**AUTORÍA ▶**

Joaquín Prieto Flores. Psicólogo. Servizo de psicoloxía Centro Pai Menni (centro de atención a persoas adultas con discapacidade intelectual)

PALABRAS CHAVE ▶

Abuso sexual / Discapacidade intelectual / Muller / Programas de intervención / Prevención primaria / Afectividade / Sexualidade

RESUMO ▼

Introdución: Estímase que a prevalencia do abuso sexual en persoas adultas con discapacidade actual sitúa nun rango do 25 ao 53 % [Homer-Johnson et al., 2006; Sobsey, 1994] e chegouse á conclusión de que teñen de catro a dez veces máis posibilidades de ser asaltadas sexualmente se se comparan con mulleres sen discapacidade [Verdugo, 2001]. Ademais, é necesario ter en conta que o risco ante os abusos aumenta de xeito importante na adolescencia e continúa na vida adulta [Furey et al., 1999; Sobsey et al., 1997]. Por este motivo, é necesario elaborar programas de intervención dirixidos a dotar as persoas con discapacidade intelectual e a quen as coida de estratexias de afrontamento que lles permitan reducir os riscos de sufrir abuso sexual.

Obxectivo: Proposta dun programa de prevención primaria de abuso sexual en mulleres con discapacidade intelectual que incorpore as variables que se asociaron a unha maior probabilidade de seren abusadas.

Metodoloxía: Revisión dos programas de prevención primaria postos en marcha na actualidade e valoración da experiencia das persoas autoras nos programas impartidos nos últimos anos.

Resultados: Preséntase o programa coa xustificación e a descrición dos módulos incorporados.

Discusión: É necesaria unha valoración dos programas propostos co fin de determinar a súa eficacia, así como que variables poden ter un maior peso como factores de protección ante o abuso.

CLÍTORIS 3D. TODO EMPEZA NO CORPO**AUTORÍA ▶**

Martina González Veiga. Fundadora e directora do Centro de Sexoloxía *Con mucho gusto!*

**PALABRAS
CHAVE ▶**

Clítoris / Histeria / Frixidez / Mutilación educativa / Sexoloxía

RESUMO ▼

En abril de 2016, en París, a investigadora independente en ciencias sociais Odile Fillod, coa colaboración de Melissa Richard e Marie Docher, imprime o primeiro clítoris en 3D. Consciente do nesgo de xénero nos libros de texto e da invisibilización desta estrutura anatómica nos mesmos, decide visibilizalo elaborando a maqueta en 3D e liberando os planos baixo licencia Creative Commons para que calquera persoa con acceso a Internet e a unha impresora 3D poida facerse co seu. A historia do clítoris simboliza a historia da sexualidade das mulleres e o peso do sexismo, o coitocentrismo e a heteronorma. Aínda que Hipócrates xa facía referencia á súa importancia no 200 a. C., Rufo de Éfeso o describiu no século II d. C. e Mateo Realdo Colombo (anatomista e cirurxián italiano) escribiu sobre el en *De re anatomica*, non soubemos como era realmente o clítoris ata 1998. Foi a uróloga e investigadora independente australiana Helen O'Connell quen, estrañada pola diferenza de representacións nos libros de anatomía e por que nalgúns nin sequera aparecese esta estrutura ao completo, decidiu empregar as imaxes por resonancia magnética para descubrir como era en realidade.

Esta comunicación é unha viaxe a través da historia do clítoris, unha toma de conciencia do peso da invisibilización deste órgano, que abre interrogantes sobre esta mutilación psicolóxica que sobrevive nos nosos días e sobre a influencia na sexualidade, na vivencia do propio corpo e da erótica, na saúde sexual e no benestar físico, psicolóxico e emocional. Preséntase unha reflexión a través da memoria histórica, sobre a histeria, o orgasmo, as relacións sexuais e os mitos e as crenzas que nos acompañan ata hoxe e que seguen a fomentarse a través de diferentes medios, motivado pola carencia dunha educación sexual de calidade.

O TRATO AO MALTRATO: VIOLENCIA DE XÉNERO E SISTEMAS DE PROTECCIÓN**AUTORÍA ▶**

Clara Sanz Astrain, Universidade Pública de Navarra. **Cristina Gómez Leoné**, Saúde Mental. Servizo Navarro de Saúde - Osasunbidea. **M^a Victoria Astrain Azparren**, Saúde Mental. Servizo Navarro de Saúde - Osasunbidea

PALABRAS CHAVE ▶

Violencia de xénero / Maltrato institucional / Sistemas de protección / Marco normativo

RESUMO ▼

Introdución: A violencia de xénero é un fenómeno complexo de responsabilidade pública que implica moitos axentes. Existe un marco normativo e institucional que ampara as vítimas xuridicamente. O maltrato institucional é outra manifestación de violencia que entorpece o proceso de recuperación. Este traballo pretende aproximarse desde o enfoque integral á experiencia das mulleres respecto á atención recibida nos sistemas de protección.

Obxectivos: Coñecer a experiencia vivida polas mulleres vítimas de violencia de xénero no seu contacto cos sistemas de protección. Coñecer a opinión das/os profesionais que interveñen nestes sistemas.

Método: Investigación cualitativa mediante entrevistas en profundidade a mulleres vítimas de violencia en contacto co sistema xudicial. Grupo de discusión con profesionais de distintos estamentos (policía foral, dereito, traballo social e psicoloxía) que desenvolven o seu traballo en atención a mulleres vítimas de violencia de xénero.

Resultados: En canto ao primeiro obxectivo, as mulleres relatan inseguridade e escasa sensibilidade do persoal e destacan o esgotador e minucioso dos interrogatorios, onde se senten xulgadas e experimentan culpa e incompetencia. Así mesmo, sinalan a nula oferta de recursos para atender as súas necesidades básicas e psicolóxicas e a ausencia de profesionais do dereito no momento de cursaren a denuncia. Mencionan a falta de acompañamento e de información respecto aos seus dereitos, aos recursos e ao proceso. En canto ao segundo obxectivo, os/as profesionais coinciden en que se garante unha atención personalizada e destacan a dificultade para garantir intimidade e privacidade. Sinalan a necesidade de coidar o espazo físico e emocional. Consideran que a información se transmite axeitadamente e que se respecta a autonomía das mulleres. Discrepan no referente ao acompañamento: algunhas persoas consideran que existe un bo acompañamento ao longo do proceso, mentres que outras destacan que o propio sistema está moi fragmentado, o cal dificulta garantir o acompañamento. Desde o sistema policial, dáse máis prioridade á denuncia para perseguir o delito que aos ritmos e ao proceso das mulleres.

Conclusións: Existe discrepancia entre as vivencias das mulleres vítimas de violencia e os/as profesionais que as atenden en áreas esenciais, como a percepción da seguridade, a transmisión de información, o respecto pola autonomía, a atención psicolóxica e xurídica e o acompañamento durante todo o proceso. Esta constatación insta a incorporar as mulleres vítimas na elaboración dos plans de actuación como protagonistas fundamentais. Para poñer fin á violencia de xénero, os esforzos deben ir encamiñados a implantar medidas que dirixan as súas actuacións á propia estrutura, estratexias que cuestionen normas e institucións sociais e culturais. Situar no debate público a cuestión da violencia de xénero supón expoñer que parte desta violencia é sostida pola violencia institucional.

FOMENTANDO A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO DESDE A ACEPTACIÓN DAS IDENTIDADES DE XÉNERO E DAS ORIENTACIÓNS SEXUAIS

AUTORÍA ▶

Beatriz Cobo Blanco, Psicóloga e Psicoterapeuta. Coordinadora en Málaga da Comisión de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Colegio Oficial de Psicología de Andalucía Oriental (COPAO). **Fernando Gállego Estévez**, Psicólogo e escritor. Comisión de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Colegio Oficial de Psicología de Andalucía Oriental (COPAO). **Carmen María Rull Galdeano**, Psicóloga Clínica e Sexóloga. Responsable da Comisión de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Colegio Oficial de Psicología de Andalucía Oriental (COPAO). **Francisco Machuca Ortiz**, Psicólogo. Coordinador en Málaga da Sección de Psicología da Intervención Social do Colegio Oficial de Psicología de Andalucía Oriental (COPAO). **Rocío Carmona Horta**, Psicóloga e Mediadora experta en Igualdade. Comisión de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Colegio Oficial de Psicología de Andalucía Oriental (COPAO)

PALABRAS CHAVE ▶

Violencia de xénero / Perspectiva de xénero / Identidades de xénero / Orientacións sexuais / Multidisciplinar

RESUMO ▼

A violencia de xénero ten lugar nas situacións de desigualdade de deberes e dereitos entre homes e mulleres instauradas por costumes «culturalmente» inxustos transmitidos de xeración en xeración que produciron un contexto social propicio para o control, o dominio, a manipulación e o illamento que moitas persoas cren natural. É fundamental actuar desde a prevención, a sensibilización e a deconstrución de mitos e ideas erróneos sobre as relacións interpersoais e afectivas que continúan existindo na sociedade para evitar calquera tipo de violencia inter ou intraxénero desde o fomento do respecto e da liberdade básicos na igualdade de deberes e dereitos entre as persoas en calquera tipo de relacións segundo as diferentes identidades e orientacións sexuais.

O I Seminario Multidisciplinar de Orientación Sexual e Identidade de Xénero organizado pola Comisión de Psicoloxía e Igualdade de Xénero e a Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colegio Oficial de Psicología de Andalucía Oriental, celebrado en Málaga en novembro de 2015, propúxose avanzar no coñecemento e na aceptación da diversidade afectivo-sexual desde unha mirada de xénero, para fortalecer as bases do respecto á diversidade sexual e afectiva, evitando a patoloxización e o sexismo existente tras os malos tratos e a violencia de xénero. Evidenciouse así a necesidade e a importancia de dispoñer dun espazo de encontro onde integrar todas as visións actuais e as diversas vertentes de traballo en cuestións de identidades de xénero, orientacións sexuais, así como de traballo educativo preventivo das desigualdades de trato entre homes e mulleres que xeran a violencia de xénero e intraxénero.

GRUPO GALICIA-UPF. REVISIÓN NACIONAL PORMENORIZADA DE HOMICIDIOS DE PARELLA EN CONTEXTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO**AUTORÍA ▶**

Elena Méndez Rodríguez, Psicóloga. Concello de A Coruña. Aitor López Sánchez, Psicólogo. Concello de A Coruña

PALABRAS CHAVE ▶

Factores de risco / Violencia de xénero / Homicidio / Psicología criminal

RESUMO ▼

Recentemente creouse o Grupo Galicia dentro do marco xeral do proxecto Equipo Nacional de Revisión Pormenorizada de Homicidios de Parella no Contexto da Violencia de Xénero [EHVdX] da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior, ao abeiro institucional dos corpos policiais do Estado, da Unidade de Violencia sobre a Muller da Fiscalía Xeral do Estado e do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial. O devandito equipo está conformado por membros acreditados da Unidade de Psicología Forense da Universidade de Santiago de Compostela [USC] e do Colexio Oficial de Psicología de Galicia cunha formación previa a cargo das persoas coordinadoras do Equipo Central en técnicas de entrevista semiestruturadas, habilidades de comunicación, perfilamento indirecto [González e López, 2016] e o modelo PEN para o perfilamento da personalidade [Eysenck, 1970, 1987], a partir do cal se elaboran os perfís de autor e da vítima. Á súa vez, recibíronse instrucións para o correcto seguimento do «Protocolo de valoración policial do risco e de xestión de seguridade das vítimas de violencia de xénero» [VPR4.0 e VPER4.0] e así obter indicadores de risco asociados aos casos de homicidio en violencia de xénero para a súa prevención e o seu tratamento.

Os resultados son escasos e provisionais, pero constatamos unha incidencia notoria por parte do autor na presenza de esquemas cognitivos machistas, xustificación da violencia, consumo de substancias, experiencias previas de maltrato e suicidio posterior tras a comisión dos feitos, así como dinámicas relacionais marcadas pola celotipia, o control e o dominio sobre a parella, entre outros elementos. Esperamos obter máis resultados en breve e contribuír á prevención deste fenómeno.

Edita e autoría ▼
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e
Consejo General de la Psicología de España

D.L.: C 1739-2017

